



Contrato de servizos
Procedemento aberto simplificado
Tramitación ordinaria

Documento CON12I1L9	Expediente CON/53/2018	Data Creación: 13-09-18 09:13
------------------------	---------------------------	----------------------------------

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado "Festa do Deporte".

TIPO DE LICITACIÓN: 34.470,32 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de setembro de 2018, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dna. María Antón, representante do grupo Popular e D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	07/09/2018	39.650	B70239835 RSENDE IMAXSON SLU
2	10/09/2018	40.050	B15951213 GALICIA EVENT CREW SL
3	11/09/2018	40282 (*)	B70019294 SERVIPLUSTOTAL SLU
4	11/09/2018	40290 (*)	B15902448 ANIMACIÓN Y EVENTOS SL

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas dos distintos licitadores, e que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	Carpas adicionais	Persoal atención	Persoal locución
1	RSENDE IMAXSON SLU	31.525	5	2	1
2	GALICIA EVENT CREW SL	31.000	0	0	0
3	SERVIPLUSTOTAL SLU	32.700	5	2	1
4	ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	33.970	4	2	1

A continuación procédese á verificación da presentación da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada, polo que se entregan as ofertas para a súa valoración.

Ás 9.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I1L9	Expediente CON/53/2018	Data Creación: 13-09-18 09:13

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado "Festa do Deporte".

TIPO DE LICITACIÓN: 34.470,32 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 13 de setembro de 2018, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Xoaquín Monteagudo Romero, director da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dna. María Antón, representante do grupo Popular e D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018), así como o técnico redactor do informe de valoración, D. Juan Garabato Rodríguez, que realiza unha breve exposición do mesmo.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta máis vantaxosa das presentadas, é o licitador RSENDE IMAXSON SLU.

En consecuencia, e de conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á ñcalleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador RSENDE IMAXSON SLU, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 31.525 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



Contrato de servizos Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON12I1L9	Expediente CON/53/2018	Data Creación: 13-09-18 09:13

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado "Festa do Deporte".

TIPO DE LICITACIÓN: 34.470,32 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 20 de setembro de 2018, ás 9:35 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Noa Morales Sánchez.

Vogais: Luis Alberto López, inspector técnico de servizos.
Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Rafael Peña Vidal, representante do grupo CA, Dna. María Corral, representante do grupo Popular, D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE, e D. Rubén Cela en representación do grupo BNG, en calidade de observadores (acordo XGL 18/5/2018).

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, RSENDE IMAXSON SLU, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación.

Ás 9.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA



ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURA, LOXÍSTICA, PERSOAL E SINALÉTICA NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO EVENTO DEPORTIVO DENOMINADO “FESTA DO DEPORTE”. (CON/53/2018).

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración das propostas presentadas para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado FESTA DO DEPORTE, considerándose inicialmente as seguintes empresas:

1. RSENDE IMAXSON SLU (B70239835)
2. GALICIA EVENT CREW SL (B15951213)
3. SERVIPLUSTOTAL SLU (B70019294)
4. ANIMACIÓN Y EVENTOS SL (B15902448)

Para a valoración das ofertas serán de aplicación os criterios avaliados mediante fórmulas definidos no punto 9 do anexo 0 do prego de condicións administrativas particulares, que son literalmente os que se recollen a continuación:

a.) OFERTA ECONÓMICA (ata 70 puntos)

Outorgarase a máxima puntuación á oferta economicamente máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado no parágrafo seguinte.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de “prezo máis baixo da oferta”. Obtido o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 70 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: puntuación da oferta

P_m: puntuación máxima posible (70 puntos)

O_b: importe da oferta máis baixa

O_n: importe da oferta a puntuar

Xustificación da fórmula: o uso desta fórmula permite atribuír unha maior puntuación á oferta máis económica e a menor puntuación á menos económica, gardando proporción na atribución de puntos as ofertas intermedias.

b.) OFERTA A MAIORES DE MEDIOS MATERIAIS (ata 12 puntos)

Oferta de medios materiais a maiores sobre as unidades mínimas definidas no prego técnico, de 0 a 12 puntos.

Unidades de carpas brancas de tamaño 3x3 metros. *Prestación a maiores de carpas brancas de tamaño mínimo de 3x3 metros segundo o seguinte desglose:*

- 2 carpas a maiores: 3 puntos
- 3 carpas a maiores: 6 puntos
- 4 carpas a maiores: 9 puntos
- 5 carpas a maiores: 12 puntos

c.) OFERTA A MAIORES DE MEDIOS HUMANOS (ata 18 puntos)

Oferta de recursos humanos a maiores sobre o número mínimo definido no prego técnico, de 0 a 18 puntos.

Personal de atención as sedes das actividades. (12 puntos). Prestación a maiores de maior número de persoal técnico necesario para a atención das sedes das actividades, segundo o seguinte desglose:

- 1 persoa a maiores durante o evento: 6 puntos
- 2 persoas a maiores durante o evento: 12 puntos

Personal de locución, dinamización e coordinación de actos (6 puntos). Prestación a maiores de maior número de persoal para o servizo de locución do evento, segundo o seguinte desglose:

- 1 persoa a maiores durante o evento: 6 puntos

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A. PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA: Ata un máximo de 70 puntos.

En aplicación da fórmula proposta no prego e á vista das ofertas económicas presentadas achégase cadro resumo no que se indica oferta económica das empresas (sen IVE) e puntuación acadada por cada unha delas.

RELACIÓN DE EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN
RDSENDE IMAXSON SLU	31.525,00 €	68,83
GALICIA EVENT CREW SL	31.000,00 €	70,00
SERVIPLUSTOTAL SLU	32.700,00 €	66,36
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	33.970,00 €	63,88

B. OFERTA A MAIORES DE MEDIOS MATERIAS: Ata un máximo de 12 puntos

Oferta de medios materiais a maiores sobre as unidades mínimas definidas no prego técnico, de 0 a 12 puntos. Prestación a maiores de carpas brancas de tamaño mínimo de 3x3 metros segundo o seguinte desglose:

- 2 carpas a maiores: 3 puntos
- 3 carpas a maiores: 6 puntos
- 4 carpas a maiores: 9 puntos
- 5 carpas a maiores: 12 puntos

RELACIÓN DE EMPRESAS	Nº CARPAS A MAIORES	PUNTUACIÓN
RDSENDE IMAXSON SLU	5 carpas	12
GALICIA EVENT CREW SL	0 carpas	0
SERVIPLUSTOTAL SLU	5 carpas	12
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	4 carpas	9

C. OFERTA A MAIORES DE MEDIOS HUMANOS: Ata un máximo de 18 puntos

C.1.- Prestación a maiores de maior número de persoal técnico necesario para a atención das sedes das actividades, segundo o seguinte desglose (12 puntos):

- 1 persoa a maiores durante o evento: 6 puntos
- 2 persoas a maiores durante o evento: 12 puntos

ELACIÓN DE EMPRESAS	MAIOR PERSOALTÉCNICO ATENCIÓN DAS SEDES	PUNTUACIÓN
RDSENDE IMAXSON SLU	2 persoas	12
GALICIA EVENT CREW SL	0 persoas	0
SERVIPLUSTOTAL SLU	2 persoas	12
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	2 persoas	12

C.2.- Prestación a maiores de maior número de persoal para o servizo de locución do evento, segundo o seguinte desglose (6 puntos):

- 1 persoa a maiores durante o evento: 6 puntos

RELACIÓN DE EMPRESAS	MAIOR PERSOAL SERVIZO DE LOCUCIÓN	PUNTUACIÓN
RDSENDE IMAXSON SLU	1 persoa	6
GALICIA EVENT CREW SL	0 persoa	0
SERVIPLUSTOTAL SLU	1 persoa	6
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	1 persoa	6

RESUMO FINAL DA PUNTUACIÓN

En conclusión, á vista das ofertas presentadas para a prestación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado FESTA DO DEPORTE, a puntuación final deste proceso de valoración, ordenada de maior a menor, sería a seguinte:

EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA	PUNTUACIÓN APARTADO B	PUNTUACIÓN APARTADO C (c1 + c2)	PUNTUACIÓN FINAL
RDSENDE IMAXSON SLU	68,83	12 puntos	18 puntos	98,83
SERVIPLUSTOTAL SLU	66,36	12 puntos	18 puntos	96,36
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	63,88	9 puntos	18 puntos	90,88
GALICIA EVENT CREW SL	70,00	0 puntos	0 puntos	70,00

A oferta que acada a maior puntuación, salvo erro involuntario, é a presentada pola empresa RDESENDE IMAXSON SLU.

É canto teño que informar para a súa valoración pola mesa de contratación.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asdo.: 
TÉCNICO EN PROGRAMACIÓN E XESTIÓN DEPORTIVA